

Crónica

A Stratford de riba do Avia. 25 anos de Mostra Internacional de Teatro

Roberto PASCUAL

Director da MIT de Ribadavia
Profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
Departamento de Teoría e Historia do Teatro

En 2009 o sistema teatral galego celebra dous relevantes aniversarios, 25 anos da compañía pública de teatro e 25 edicións do seu máis importante festival teatral, albergado no mesmo berce do teatro galego contemporáneo, lugar de abrentes, anhelos e conquistas culturais. Ambas conmemoracións están cinguidas dende o seu comezo, son o reflexo da solidez de dous resortes importantes da creación e exhibición teatral e do perenne afán de creación de riqueza e novos postos de traballo vinculados ás artes escénicas, tal e como manifestaba o que foi primeiro director do Centro Dramático Galego, Eduardo Alonso, na presentación do tamén primeiro espectáculo da compañía, *Woyzeck* de Büchner, en versión de Manuel Lourenzo, dirixido por Xulio Lago e Dorotea Bárcena, o día 1 de setembro de 1984 no Adro de Santo Domingo de Ribadavia: “os espectadores son o cume visible dese gran esforzo compartido, mais son tamén a súa xustificación e o seu obxectivo, todos os que traballamos no Centro, as preto de cen persoas vencelladas”. Potencial que a consolidación desta cita foi reafirmando co tempo e debe ir fixando de cara a un futuro de maior estabilidade e maiores necesidades: “vinte empregados e medio centenar de actores e técnicos únense ó público diariamente” (*La Región*, 20/07/2001).

Esta Mostra que celebra en 2009 o seu XXV aniversario, coincide igualmente cos 40 anos da fundación da Asociación Cultural Abrente, promotora da primeira etapa, dos antecedentes chamados Mostras de Teatro e Concursos de Textos Teatrais en Galego Abrente, citas para o urxente fomento da creación textual e espectacular celebradas entre os anos 1973 e 1981. A historia devólvenos o pulo, o entusiasmo, os proxectos inconclusos, a lección dos acertos e dos desatinos. Devólvenos o poder da marca nun cada vez máis competitivo panorama de oferta escénica e turística, creativa e formativa. Devólvenolo hoxe, despois de dúas marcadas etapas.

Así, aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia e ás portas dunha nova era de democracia,



recoñecemento legal da lingua e da cultura galegas e novas esperanzas para a sociedade e as estruturas propias da creación artística, a asociación cultural Abrente pecha un capítulo da nosa historia caracterizado polo rexurdir, o debate e a acción no que foi o trasunto galego do chamado teatro independente de finais do réxime do ditador Franco. Ese paradigmático labor das asociacións culturais espalladas polo país coma a creada no ano 69 en Ribadavia propiciaron unha galaxia de puntos especializados en diferentes ámbitos de exhibición cultural e de ámbito formativo (sendo obviamente Ribadavia a improvisada cátedra viva de oportunidades para a asistencia a diversos talleres especializados impartidos por profesores do Institut del Teatre de Barcelona, Teatro Azcar de Lisboa, etc.: Herman Bonín, José Monleón, Nitis Jacón, Moisés Pérez Coterillo...).

A consciencia da creación, a través da continuidade, dun gran proxecto de país, dunha institución

que pode ser o meirande reclamo da ollada internacional para as artes escénicas galegas pero tamén para a transversalidade da creación doutras iniciativas de animación, turismo, comercio, etc., vinculadas co teatro, maniféstanse na presentación do primeiro director do festival internacional, Rubén García. A reiteración da idea de masividade e festa arredor da escena queda latente no capital protagonismo que a compañía catalá La Cubana tivo na 1.^a edición en rúas, escaparates, cafetaría e diversos espazos teatralizados coma o mercado municipal.

I Festival Internacional de Teatro. Ribadavia-84
(Do 27 de agosto ao 2 de setembro)

Tras unha breve paréntese, volve de novo o espectáculo, o teatro, á vila de Ribadavia, onde se vira nacer e crecer a tan lembrada Mostra de Teatro.

Volve a mesma ilusión, a mesma vontade de crear para Galicia o marco idóneo onde se plasmen as

inquietudes e esperanzas de tan gran manifestación.

Co 1.^o Festival Internacional de Teatro —Ribadavia 84—, pretendemos sentar as bases do que quixeramos fose no futuro unha realidade inapelable. Queremos poñer a primeira pedra do que —como o seu nome indica— ambicionamos sexa unha “Festa do Teatro”, do goce da arte, do espectáculo, do espírito.

Somos sabedores de que haberá erros, como tamén atinos, pero o ideal que nos anima a dar para este festival, por e para o teatro, todo o noso empeño e mellor anhelos. Presentamos un interesante bloque de compañías, con diversidade de estilos e propostas, que nós consideramos atractivas para un 1.^o Festival de Teatro que nace sen máis subvención cá dun só organismo público, neste caso a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e agardamos que en anos vindeiros outras institucións apoiem e xestionen axudas para tal fin, pois sen elas sería imposible a organización do que todos os galegos merecen: unha digna e gran “Festa do Teatro”.

Que o goceades.

Rubén García Fernández

Director do 1.^o Festival Internacional de Teatro
Ribadavia 84.



Forxado na praxe o concepto, a mesma terminoloxía será utilizada anos máis tarde, chegada a 9.^a edición, para botar a ollada cara atrás nunha exposición nas dependencias do Museo Etnolóxico titulada xustamente “Oito anos de festa teatral”, onde se sinala como obxectivo principal facer “un rápido percorrido polos fastos e polos ecos que lle deron a Ribadavia o xusto mérito da súa fama como capital do teatro en Galicia. Capitalidade forxada na fragua de Abrente e curtida posteriormente no batán da Mostra Internacional”.

Mais o entusiasmo e a imparable marcha da posta en valor de todas as potencialidades da vila do Ribeiro como indiscutible capital teatral de Galicia tardaron en callar. Xa no ano vindeiro, 1985, o festival sofre unha ameaza de desaparición ao non se poder celebrar a correspondente II edición por parte da Asociación de Promoción Teatral Ribadavia, creada en 1984 para a “promoción e realización das actividades de carácter cultural relacionadas co teatro e todos os medios de expresión audiovisual”. Pero prontamente o testemuño de vigor e indisoluble comunión da sociedade ribadaviense coa arte teatral tomou pulso na Asociación de Comerciantes e Empresarios que, xunto ao concello, promoveron e organizaron, dende a intelixente e atinada continuación, a II edición da xa chamada Mostra Internacional de Teatro.

As fermosamente escolleitas palabras que transcribimos a continuación, pertencentes ao saúdo, á

benvinda da segunda edición da Mostra representan esa ampla masa de intelixencia e atino que compoñen os nomes propios de homes e mulleres que fixeron posible a privilexada situación actual da MIT Ribadavia. Sabedores do capital atesourado nos incomparables recantos e nas innúmeras pedras da vila que foron resguardo do foco, da trasmutación, do riso e da emoción, fan que cobren vida a valentía e o enxeño para a xestión e para o empuxe con que se tirará do adival deste sólido carro de Tespis.

II Mostra de Teatro Internacional. Ribadavia 86
(Do 27 ao 31 de agosto)

Limiar

En maio de 1973 Ribadavia convertíase por vez primeira na capital teatral de Galicia. Sucesivamente haberíao de ser cada ano, máis ou menos polas mesmas datas, até 1978. Primeiro foron Teatro Circo, O Facho, Ditea; logo virían Martín Códax, Antroido, A.T. Auriense, e posteriormente Troula, A Farándula, Artello. Ribadavia era xa a obrigada cita anual co teatro.

Desde aquela a andaina do teatro en Galicia ten sido sufrida e vagarosa, pero tamén indesmaiábel. Uns quedaron no camiño, algúns reconvertíronse, outros naceron, os máis continuaron.

A seis anos de encontros seguíronlle outros tantos de aillamento: Ribadavia era só unha nostalxia nas mentes dos teatreiros. Coa creación, en 1984, do Centro Dramático Galego ábrese unha nova era teatral en Galicia; con ela unha chea de expectativas fican espalladas diante dos ilusionados homes e mulleres da farándula. A Mostra convértese, con división de opinións, en Festival Internacional, do que tan só se habería de celebrar unha edición.

Hoxe, cando despois de dous anos o teatro neste país ten acollida dentro dos estamentos oficiais, resultaría paradoxal que o encontro teatral galego por antonomasia non se celebrase. Dentro da necesaria infraestrutura cultural que Galicia precisa, coidamos, debe estar —con todos os dereitos— a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Hoxe e aquí, máis ca nunca —sabémolo—, organizar un evento deste tipo constitúe, ademais dun reto, unha aventura. Con ambos os dous querémonos atrever. Recollendo, portanto, o testemuño do labor dos que nos precederon e a tradición escénica da nosa vila, abordamos a organización desta nova edición.

Somos conscientes dos ergueitos e pedregosos valados —bisoñez organizativa, carreira contra o tempo, escaso orzamento...— que temos que derrubar. A iso nos puxemos. E porque, con todo, podemos realizar unha oferta digna e de interese, estamos aquí principiando esta nova etapa, co desexo e a esperanza de que a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia chegue a ser un acontecemento cultural plenamente normalizado.

O noso agradecemento a cantos fan posíbel Ribadavia-86. Aos que nos visitan, os mellores desexos para a súa estadia entre nós. A todos, que gocen coa Festa do Teatro!

Ata a sexta edición, no ano 1990, en que Rubén García retoma a dirección do festival, a Mostra conta de novo co asociacionismo cultural para levar adiante, coa mesma filosofía combinatoria de compañías galegas e estranxeiras, as correspondentes citas do agosto teatral. Co mando da Asociación Cultural “Abóbriga”, o programa da terceira edición recibe o convite da verba de Camilo Valdehorras, quen nos recorda as orixes de Abrente, a conxunción báquica da lírica Floravia, “denominación de orixe” cunqueira, no literario e no caldo ribeirao. Ubérrima terra, aldea báquica, República Independente do Teatro Galaico, esa é a paisaxe espiritual e certa que vivifica, outravolta en palabras de Valdehorras, a “feliz metamorfose práctica” da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, metamorfose dun tempo que sempre latexará na consciencia e no simbolismo dunha cunca do Avia que embriounou no seu ser “un teatro de resistencia política, tosco; de indixencia astética, fosco; e de subsistencia material e técnica, pobre. Pero fantástico. Un teatro autodidacta e primitivo, emocionante.”

O devir de sucesivas edicións tendeu a sublimar precisamente a calidade, a diversidade e a análise de públicos. Non sen críticas e demandas dos colectivos galegos por unha maior presenza do teatro de seu, mais tampouco sen louvanzas e unha positiva repercusión mediática foi recibida a 6.^a edición da Mostra, do ano 1990, con destacada incidencia na prensa da actriz protagonista, Nuria Espert, do espectáculo de inauguración, *Maquillaxe*, de Hisashi Inoue. Igual de trascendente, malia non aparecer no programa resulta a confirmación da Ópera Chinesa de Pekín para a clausura da VI edición o día 29 de xullo. Titulares como “Numerosa afluencia de público en la primera jornada de la “Mostra de Teatro” de Ribadavia” (*Faro de Ourense*, 25/07/1990) ou “La Mostra de Teatro recupera este año su antiguo esplendor” (*La Región*, 28/07/1990) ademais dos ofrecidos pola propia Nuria Espert “Estais a la altura de ciudades como Barcelona o Madrid” (*Ourense Diario* 28/07/1990) confírenlle unha lexítima e estimulante cerimonia de benvinda a Rubén García como retornado director da MIT.

Na 7.^a edición, xornalistas como Camilo Franco, en *La Voz de Galicia*, afondan nese debate subsistente ata a actualidade en torno á

necesaria identidade do festival: a cota de produtos teatrais galegos na Mostra Internacional ou a súa reconversión na orixinal mostra exclusivamente galega, como defendeu un dos directores asistentes, Vicente Montoto: “moitos añoramos que a Mostra non sexa a do teatro galego” (*La Voz de Galicia*, 16/08/1991). Precisamente na derradeira edición que Rubén García dirixa, en 2008, a inusual, por alta, presenza de grupos galegos nun festival internacional semella estar xustificada pola homenaxe que a 24.^a edición lle quere ofrecer aos profesionais galegos:

Entre pregón e premio honorífico, respectivamente, alí estiveron latentes (algúns presentes) centos de traballadores e traballadoras asociados ás dúas institucións máis relevantes das artes escénicas e audiovisuais de Galiza: a actriz María Bouzas como presidenta da Academia Galega do Audiovisual e Vicente Montoto en calidade de presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Revista Galega de Teatro n.º 56, p. 72.

Poden ser diversos os enfoques e as decisións, debatibles todas, á hora de xustificar que compañías e/ou espectáculos deben definir formalmente un festival internacional de verán no remol da paixón, do rexurdir e da decidida innovación de estratexias, iso si, para non deixaren de anotar a importancia de Ribadavia como capital e potencial escénico. Nese sentido, adiantando liñas sobre a nova etapa que nos corresponde construír, a máis importante tarefa que baixo o noso punto de vista debe realizar a Mostra de principal referencia, emotiva e histórica de Galicia en relación coa creación escénica do país é non limitarse á exhibición, senón promover e apoiar a produción de novos espectáculos dende un estrito criterio de calidade. Converter ao evento nun ente de produción significa outorgarlle autonomía, lexitimidade (tamén vinculada co rescato Premio Abrente de Textos Teatrais, un dos máis importantes certames dende 2006) e decidida disposición á posta en valor da calidade e do rigor de proxectos nados do exercicio profesional teatral galego. En todo caso, non deixa de ser unha aposta dunha dirección artística.

Encétase tamén nesta 7.^a edición unha reflexión sobre unha das infraestruturas escénicas que máis ha contribuír á especial consideración da asistencia teatral a Ribadavia: o Auditorio do Castelo. Á primeira impresión atractiva de integración dun emulado anfiteatro romano para a visualización de espectáculos ao aire libre, quizais o máis positivo desta apurada actuación, viñéronse sumando dende os comezos continuadas deficiencias e inco-

modidades: de electrificación, de accesibilidade, salubridade, visibilidade lateral, etc. “El Auditorio del castillo, principal deficiencia del festival ribadaviense” (*La Voz de Galicia*, 16/08/1991). Pero a cuestión de maior embergadura subxace da impúdica inserción de gradas de formigón nunha construción do século XV. Como se indica no apartado de Cultura e Historia do programa de man da 7.^a edición, o castelo dos Sarmiento foi ergueito aproveitando unha fortaleza, dentro do recinto amurallado da vila, que data do século XIV. Neste programa e polo tanto nesta 7.^a edición, a dirección do festival toma consciencia da posta en valor do patrimonio artístico e cultural que tan ben pode acompañar o reclamo e a posta en marcha de actividades paralelas. Hoxe esa idea cobra renovado protagonismo, grazas tamén á redacción de moitos e necesarios proxectos de rehabilitación integral como o que acaba de poñer en marcha o concello de Ribadavia para o seu casco antigo (declarado conxunto histórico artístico dende o ano 1947, ademais) e a proxectos de ordenación do territorio respectuosos, baseados na sustentabilidade e na creación de novos servizos. Entre eles, Ribadavia debe reclamar o mantemento dese fermoso privilexio e principal atractivo do teatro ao aire libre, cun novo referente arquitectónico que integre servizos de biblioteca, tenda, cafetería e aulas de teatro e danza, amosando que o teatro mesmo en vilas pequenas coma Stratford permiten crear riqueza no territorio e novos postos de traballo aproveitando recursos e potencialidades. Para que, amais, ese sol e lúa da heráldica ribadaviense continúen a penetrar no escenario sen escurecer a grandeza do legado do conde Pedro Ruíz Sarmiento.

Entre 1993 e 1995 debemos falar de dúas importantes tarefas de especialización na estrutura da institución teatral, acorde á indubidable importancia que o coidado na publicidade e na imaxe corporativa posúe na globalidade dos reclamos escénicos. Entre a 8.^a e a 11.^a edicións establécese un formato e unha imaxe fixas no programa, protagonizadas por fermosas fotografías do conxunto histórico da vila, realizadas por profesionais locais coma Santiago Amil ou Moncho. Aínda que o logotipo que exporá e aglutinará a imaxe corporativa da MIT ata os nosos días non nacerá ata o ano 1996, durante estes catro anos o deseño gráfico de A. Moreno Mora comeza a lle dar firmeza e importancia á autonomía do evento, recoñecemento da súa concepción e filosofía e establecemento ou fixación de certos elementos característicos, como tamén o é o paso da cele-

bración á segunda quincena do mes de xullo, algo inquebrantábel ata hoxe.

Do deseño tamén forma parte unha imaxe publicitaria permanente nos programas destes catro anos, unha das marcas máis recoñecidas e internacionais de Galicia, o viño da D.O. Ribeiro. A publicación de Viña Costeira, da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, a conxunción das dúas excelentes materias primas da economía comarcal, déixanos sobre a mesa esa segunda tarefa de importante execución por parte de calquera gabinete de dirección dun gran festival que aspire á profesionalización e á eficiencia: a produción. Se, como veremos, a proxección dun deliberado esquema de produción constitúe un dos piares fundamentais do noso proxecto de dirección, tamén é certo que ao longo da súa historia a MIT loitou por conquistar recursos maioritariamente públicos, mais non sempre estables e con escasa incursión extralocal no patrocinio privado. A posta en valor, o apoio sensible e o simbólico precedente do citado patrocinio de ámbito local —pero quizais un dos máis universais— vannos deixando ver a forza que vai cobrando o evento cos anos, sobre todo no incremento de apoios da 20.^a edición que, aínda cun esquema algo deslabazado, sobrancea pola crecente e diversa chegada de patrocinadores, en progresivo aumento na etapa dos catro seguintes anos, a máis dinámica neste sentido.

As actividades paralelas comezan a tomar forza tamén a partir de 1992, se ben en 1988, grazas á oferta do Centro Dramático Galego, os visitantes e o público da MIT xa poden acompañar a programación dunha exposición sobre figurinismo e indumentaria teatral. Evidente espazo de animación, formación, debate, experiencias sociocomunitarias, incentivación da chamada turística, das saídas de lecer, dos espazos para o debate, para a celebración de congresos, conferencias, talleres, etc. Unha vila de diversos espazos, cercanos entre si todos eles, óptimos para acollerer unha planificada e relaxada programación á marxe dos espectáculos, entre esparcemento e concentración. Presentacións de libros, coma *Un abrete teatral*, de Dolores Vilavedra e Inma López Silva en 2004 (traballo que mereceu o Premio de Honra Abrente ás autoras na vixésima edición da MIT), presentación de revistas coma o dobre número adicado a Roberto Vidal Bolaño da *Revista Galega de Teatro* (n.º 33 e 34) na 19.^a MIT ou de materiais diversos coma o CD-Rom dos 15 anos da Compañía Chévere, ademais de actividades con monicreques (Kukas ou Cachirulo), contacontos ou intercambios e con-

gresos internacionais aconteceron e deberán cobrar máis forza, baixo o noso punto de vista, nunha necesaria planificación a longo prazo. Bo exemplo é o noso traballo de preparación para poder levar a cabo un congreso internacional sobre a dirección escénica en 2014, un referente para a presentación de comunicacións e ponencias dos máis recoñecidos directores e directoras no eido internacional, no escenario da XXX edición da Mostra de Ribadavia. Tamén un encontro coa escena mexicana en 2010, ano do XXV aniversario da súa Muestra Nacional de Teatro.

Como espazo de convivencia e de encontro internacional na historia da Mostra, cómpre destacar o intercambio sobre animación teatral en 2004, durante a XX edición, con grupos procedentes de Italia, Romanía, Polonia, Hungría, España e Irlanda, imprimindo tamén na rúa as diversas concepcións do seu traballo e, polo tanto, conquistando para o festival unha rexa proxección pública. Dinamicidade tamén provocou ao ano seguinte, 2005, a celebración en Ribadavia do “Encontro Internacional de Teatro Xuvenil dos pobos de Europa”. Estonia, Austria, Portugal, España, Italia e Romanía foron os países de procedencia do desembarco dun amplo número de mocidade amante e practicante do teatro.

A prensa recolle as dúas iniciativas que máis incidencia teñen na historia da Mostra: os foros e as exposicións. “La novedad más destacable será sin duda la celebración prevista por la Concejalía de Cultura de un Foro de debate sobre el teatro gallego que adelantará en un año la creación de un congreso permanente sobre la realidad teatral de nuestro país” (*La Voz de Galicia*, 10/06/1992). “La exposición está ubicada en el Museo de Artes y Costumbres Populares de la villa del Avia, en donde se pueden ver fotografías de representaciones, libretos y carteles existentes en el citado museo del archivo Abrente” (*Faro de Vigo*, 8/08/1992).

Agora ben, se a interesante idea de creación dun foro permanente de encontro e reflexión para o sector escénico galego non se rematou de consolidar, o que si tivo repetidas variacións foron as exposicións ergueitas, sobre todo no Museo Etnolóxico, un dos máis importantes espazos para a cultura de toda a provincia, que ademais atesoura os fondos documentais de Abrente, material que servirá de base para a exposición do ano 92. Pero xa de maior fasquía e rigor profesional foron as tituladas “Os alicerces do teatro galego” e “125 anos de teatro galego, 1882-2007”. A primeira, unha retrospectiva sen precedentes sobre a historia da literatura dramática e do teatro

galegos comisariada pola investigadora Rexina Vega, defensora da escenificación e da recuperación do patrimonio teatral galego. A segunda, unha exposición itinerante, de ton didáctico, promovida ao abeiro da redacción do Plan Galego das Artes Escénicas e co gallo da conmemoración da estrea d' *A fonte do xuramento* de Álvarez de la Iglesia na cidade da Coruña.

Na intensa 10.^a edición, onde tamén se lle rendeu homenaxe á actriz Maruxa Villanueva ou se puido asistir a unha conferencia do profesor Xesús Alonso Montero sobre o teatro de Lauro Olmo, o propio Camilo Valdeorras, ideólogo da exposición e participante nunha das mesas de traballo, xunto con Cándido Pazó e Laura Tato, titulada "Patrimonio teatral galego", aproveitou para valorar o labor expositivo indicando que por primeira vez se ofrece unha periodización, unha historia crítica do teatro galego ao carón da cualitativa recompilación gráfica, primeiras edicións, etc. Daquela, a proposta que Valdeorras lanza é a que segue: "a protodramaturxia, ata 1882, despois situámos dous ciclos: a vella dramaturxia e a nova dramaturxia, que remata en 1953 coa representación de *Os vello non deben de namorarse*." (*La Voz de Galicia*, 24/07/1994). Se ben nos últimos anos son moitos e de alta consideración académica os estudos sobre o teatro e a literatura dramática galegos aparecidos en diversos libros, monográficos ou revistas, naqueles anos a ausencia dunha crítica e duns investigadores especializados furtaron a oportunidade de consolidación e pronta normalización do sistema teatral. Iso si, voces e traballos coma o de Valdeorras ou Rexina Vega supuxeron un fito e unha nítida chamada á creación e á reflexión sobre a mesma, como demostra a outra mesa de traballo desta 10.^a edición, formada por representantes de Matarile Teatro, Compañía de María, Ollomol, Chévere ou Kukas, baixo epígrafe de "Novos rumbos para o teatro galego".

Se unha das máis acuciantes demoras no proceso de normalización artística e social en Galicia foi a posta en marcha dun centro de formación superior en arte dramática, a potenciación dunha formación aberta onde se mestura o carácter lúdico coa alta cualificación profesional mediante a oferta de cursos específicos impartidos por especialistas de alto nivel e prestixio xa fora, rudimentaria e intermitentemente, proposta dende finais dos anos 90 pola Mostra Internacional de Ribadavia. Obradoiros coma o de Fabio Mangolini sobre *commedia dell'arte* (XIV MIT, 1998), Eduardo Rovner de dramaturxia (XVI MIT, 2000), Ángel Facio de

Interpretación (XVII MIT, 2001), expresión corporal con Isabel Úbeda, etc., teñen a alta significación dunha obvia sección de ocio en tanto están contextualizadas nun festival mais tamén de oferta, que dende o noso entender debe ser fixa e estratexicamente dirixida á formación continuada da demanda profesional das artes escénicas.

Dende o ano 2000 a Mostra ven ofrecendo dous significados galardóns, un coa finalidade de facer partícipe activamente ao público e outro, o Premio de Honra Abrente, a persoas ou colectivos que teñan destacado pola súa defensa da arte teatral galega. Dende entón existe unha tradición consistente na participación da compañía gañadora da máxima distinción do público, dentro das posibilidades, no derradeiro día do festival do ano seguinte. Dende o *Novecento* de Tantakka (compañía que tamén inaugurará o premio do xurado en 2003 co espectáculo *La mano del emigrante*) ata *La verdadera historia de los hermanos Marx* de Meridional, a Mostra ten outorgado e recoñecido traballos diversos: Manuel Lourenzo, Familie Flöz, Isaac Díaz Pardo ou Animalario. Mais tamén a presenza e o cariño profesado a este festival por persoas como Nuria Espert, Sanchis Sinisterra, Alfonso Sastre, Lola Herrera, Miguel Narros, Iago Pericot, Torrente Ballester, Adolfo Marsillach, Luís Tosar, Moncho Alpuente, Suso de Toro, María Bouzas, Emilio Gutiérrez Caba, etc..., teñen revertido moi positivamente neste. Todo o seu aplauso devolve un inmejorable agasallo para a Mostra e, polo tanto, para Galicia.

En 2009 accedo á dirección do festival para afrontar unha nova etapa marcada pola defensa da profesionalización, internacionalización e difusión do evento desde estritos parámetros de calidade. Unha nova etapa que non pode nin debe desbotar a oportunidade de poñer en valor a historia, anteriormente resumida, de máis de trescentas compañías procedentes de máis de setenta países diferentes, decenas de miles de espectadores, encontros inefables provocados entre o espectáculo e a beleza da súa exhibición no medio da morna noite dun manto de viñas.

Con toda esa dose de incalculábel herdanza e responsabilidade, a xestión procurará incidir na diversidade da selección crítica da programación, reformulación e constitución dun novo marco legal para a obtención da estabilidade e autonomía financeira e organizativa que este festival precisa, na conversión dun activo ente de produción (sobre todo dos textos premiados no concurso Abrente e publicados na nova colección de textos dramáticos da Mostra) e na análise do



público para unha mellor actuación a longo prazo.

A nova imaxe e o novo enfoque competitivo deste festival obríganos a establecer contactos con axencias de proxección exterior da cultura de diferentes países e comunidades con sólida oferta escénica, tamén a diversificar as fontes de recursos cunha planificada estrutura de produción dende parámetros DAFO para poder levar a bo termo todas as ambiciosas liñas de acción. Liñas concretas, moitas xa citadas, que terán a súa manifestación pública e reclamo nunha web, www.mitribadavia.com, funcional, dinámica e sedutora.

Do 17 ao 26 de xullo de 2009 a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia inicia outra estimulante era cun XXV aniversario que quere render homenaxe, facer balance e coller vigoroso impulso con todas aquelas persoas que, dende sempre ou por primeira vez, queiran pisar o epicentro xudío, embebedárense de celebración, de sorpresa escénica, de agasallo para o espírito e, se cadra, tamén para o corpo. Eis un dos convites e das apertas de Galiza co mundo.

